

## **CONCLUSIÓNS DO FORO DA VERDADE**

### **Mesa sector pesqueiro/ sectores productivos**

1º.- Constatase un dobre fracaso na política pesqueira da Administración autonómica aplicada desde o ano 1993 aos sectores pesqueiro e marisqueiro nas augas galegas: Un fracaso Productivo e un fracaso na defensa do ecosistema mariño.

2º.- No sectores extractivos (pesquería pelaxica, demersal, artes menores e marisqueo de bivalvos) leváanse perdido 43.494 Tm de produción desde o ano 1994 ata 2.003, que representa o 37.2 % respecto das 116.800 Tm extraídas no mencionado ano 94, supoñendo unha perda de facturación de 15 millóns de € anuais (un 15% menos respecto do ano 94) e a pesares que os prezos medios en pta-constant-94 subiron un 35.4% en todo este período. O ecosistema mariño perdeu parte da súa capacidade produtiva acosado pola continua contaminación, tanto local (recheos, vertidos, contaminación dos ríos..etc) como catastrófica (accidentes marítimos e mareas negras de este ano).

3º.- As causas de esta evolución tan negativa non radican en ningunha insuficiencia dos pescadores galegos como pretende facer creer a propaganda oficial, sinón no modelo de xestión e medidas concretas que aplica a Administración pesqueira Autonómica ao mar e rías galegas. Este sistema de xestión ten como fundamentos a continua diminución de traballadores do mar e unidades de pesca, o estancamento e descenso da produción e un esquecemento continuo da contaminación e deterioro do ecosistema mariño, pois prima o desenvolvemento doutros sectores económicos como as industrias contaminantes, infraestruturas portuarias sen planificación ou ocupacións urbanísticas do litoral sen control medioambiental.

4º.- Ante esta situación de continuo deterioro social, un aspecto moi reseñable do modelo de xestión é o control político dos diversos subsectores produtivos. Este aspecto foi sufragado tanto polo representante do sector pesqueiro como do mexilloeiro quen detallou a utilización dos coñecementos sobre as condicións de produción e as mareas tóxicas, para manter controlado o sector.

5º.- O sector mexilloeiro planteou os problemas de mercado orixinados polo “Prestige” e o mal enfoque das campañas de promoción posteriores, novamente hipotecadas polo interese político dos actuais gobernantes de aparecer como defensores do sector, en vez de recoñecer a súa escasa credibilidade neste tema e promover outro tipo de campañas e portavoces máis creíbles para a opinión pública e o mercado.

6º.- No sector do marisqueo a pé, constatouse a tendencia decrecente desde o ano 2.000, os problemas do “Prestige” e dunha política que impide desenvolver as enormes potencialidades do mesmo.

7º.- Todos os subsectores fixeron fincapé no carácter negativo que, para os sectores productivos do mar galego, son as políticas planteadas no documento Galicia 2.010, e a súa desgraciada plasmación no borrador da nova Lei de Pesca de Galicia entregado no Consello Galego de Pesca o 7 de Maio do presente ano.

8º.- No resumen das avaliacións das perdas productivas e de facturación orixinadas nos diversos subsectores pesqueiros e marisqueiros, elaborado pola Coordinadora de Confrarías dañadas polo Prestige, destaca a cifra (a Decembro de 2.003, e comprendendo o ano 2.002 e 2.003) de 85.400 Tm perdas e 66.millóns de € sen ingresar tendo en conta a evolución productiva de cada subsector antes e despois da marea negra do “Prestige”. Destacar que estas fortes perdas centranse na fase comercial dos stocks e dado que ésta é a máis resistente á contaminación é máis que previsible graves danos na fase de xuveniis e reclutamentos. Neste sentido mencionouse o informe Sterckx, do Parlamento Europeo, que dí no punto 51 que “ se ha producido una disminución considerable del volumen normal de capturas de los recursos pesqueros de la zona” e se critica a apertura apresurada das zonas (punto 50)

9º.- Os balances oficiais da Consellería de Pesca sobre os efectos do “Prestige” constitúen unha burda manipulación, apelando a comparar o ano 2.002 (afectado polo Prestige) co ano 2.003, trucando o valor real das estatísticas de descarga estes anos e utilizando a pesca de altura (non afectada) para minimizar a catástrofe.

10º.- Por todo o antedito, é necesario outra política pesqueira e ambiental no mar galego que se fundamente no protagonismo e independencia dos sectores productivos, en modelos de coexistión modernos e na recuperación e medre dos recursos mariños. E para isto, é totalmente necesario a recuperación medioambiental das nosas costas, e augas mariñas e a erradicación das fontes de contaminación actual. Dada as perdas productivas que se teñen orixinado ata o momento considerase necesario a constitución dunha Comisión de Seguimento e Iniciativas de recuperación reais.

### **Mesa Comisión Xurídica de NM**

1. Os vertidos de fuel derivados da catástrofe do Prestige teñen relevancia xurídico-penal e son imputábeis ás persoas que asumiron a misión de controlar a fonte de risco que supuña o buque. Estas persoas foron sucesivamente o capitán, o armador e o propietario do buque, por un lado, e o Goberno español, por outro.

2. Os tipos penais aplicábeis ao caso son o delito ecolóxico na súa modalidade imprudente (arts. 325 e 331 CP), o delito de danos en espazos naturais protexidos na súa modalidade imprudente (arts. 330 e 331 CP) e o delito imprudente de danos (art. 267 CP).

3. A responsabilidade principal na produción da catástrofe corresponde ao Goberno español, que coa súa decisión de afastar o buque con rumbo descoñecido converteu en catástrofe o accidente inicial. Esta responsabilidade é exclusiva en relación co delito de danos en espazos naturais, pois a causa directa da afectación de espazos como as Illas Cíes foi o afastamento do Prestige.

4. A decisión de afastamento do buque non se axustou aos padróns obxectivos de prudencia esixíbeis nunha situación de risco catastrófico, resultando penalmente responsábeis todos aqueles suxeitos que levaron a cabo condutas que materialmente son de simple participación negligente, de acordo co concepto extensivo de autoría característico dos delitos ecolóxicos.

5. Ficou de manifesto a insuficiencia e inadecuación do marco xurídico internacional deseñado nas Convencións da OMI de 1992 (responsabilidade civil e FIDAC), baseadas nun principio de limitación de responsabilidade que só favorece a industria petroleira, preterindo os dereitos das vítimas.

6. O mecanismo de indemnización anticipada deseñado polo anterior Goberno español (Real Decreto Lei 4/2003, de 20 de xuño) non constitúe unha transacción xusta. O Estado prevaleuse da súa condición de lexislador para protexerse das máis amplas responsabilidades que poderían derivarse da súa actuación no caso Prestige.

7. Con este sistema, a Administración Xeral do Estado aprovéitase da lentitude da Administración de Xustiza, ofrecendo ás persoas prexudicadas un contrato leonino que presenta mesmo dúbidas de inconstitucionalidade, ao impedir o recurso á tutela xudicial para complementar a evidente insuficiencia dunha transacción que non garante a reparación íntegra do dano.

8. Tendo en conta o cambio de Goberno, é desexábel unha negociación que culmine nunha reforma do sistema vixente, que adopte os principios de xustiza distributiva na procura dunha solución xusta para as persoas afectadas, que corrixa os aspectos máis negativos da norma anterior e que permita a reparación de danos non estritamente patrimoniais, senón tamén persoais e ecolóxicos.

### **Mesa dos medios de comunicación. “Manipulación e reacción”**

O proceso de manipulación da información por parte de determinados medios de comunicación, públicos e privados, durante a crise do Prestige constituíu unha das principais causas da indignación popular, revelando ao mesmo tempo a imperiosa necesidade de definir en Galiza novos modelos de organización da comunicación social que garantan unha mínima ética democrática no tratamento da información.

Analizouse tamén a natureza da reacción popular, subliñando o valor cultural da resposta social, que evidenciou a emerxencia dunha nova conciencia civil en Galiza, desafiando vellos mitos reactivos que pesaban sobre o noso imaxinario, tales que o carácter conservador, individualista e pasivo da sociedade galega. Sinaláronse tamén a posta en xogo de novos valores e a recuperación do sentido da comunidade no país, fronte a unha situación de risco. Apuntouse tamén a imposibilidade de reducir o movemento social a simples parámetros político-electorais e a forte demanda social dun avance democrático en todas as ordes. Neste sentido pódese afirmar que durante a crise do Prestige a sociedade

galega sitouse por diante da esfera política-institucional, tanto en sentido emocional como cívico-cultural, evidenciando un comportamento maduro e dono de si, o que diminuíu radicalmente os riscos psicosociais habitualmente asociados a catástrofes desta natureza.

A mesa deixou aberta a trascendencia futura deste proceso, sinalando o importante capital cívico e cultural atesourado pola sociedade galega na súa reacción.

### **Mesa científico ambiental**

Houbo descoordinación na toma de decisións. Marxinouse á comunidade científica e manipulouse e controlouse partidariamente a información procedente dos institutos de investigación. A decisión de afastar o barco da costa e afundilo non estivo avalada por datos científicos e foi froito da negligencia e autosuficiencia dos nosos gobernantes que descoñecían o funcionamento das correntes mariñas, a existencia de corrosión e a fluidez do fuel a esas profundidades.

É urxente retirar coas garantías necesarias o fuel do pecio para evitar novas mareas negras.

A biorremediación constatouse que é un medio efectivo, mais só se executou dun xeito experimental, podendo –se houbera vontade política e medios económicos- aplicarse a todo o litoral.

Os sistemas de limpeza agresivos aplicados –como as hidrolimpadoras con auga quente e alta presión- respostaron máis a criterios políticos da urxencia de presentar á opinión pública “limpo” o litoral que a criterios de eficacia ecolóxica, incrementando o impacto. Os fondos mariños non foron limpados, agás ata -15 m. no Parque Nacional das Illas Atlánticas.

Ademais do fuel acumulado no pecio quedan 20.000 Tn dispersas no medio mariño que seguirán actuando sobre a biota.

A pesar da negativa da Xunta de recoñecer a existencia dun impacto como consecuencia do verquido, nós constatamos que **si hai impacto sobre a riqueza biolóxica e productiva do noso mar.**

Constatamos a urxente necesidade de facerlle un seguimento ao impacto ocasionado e de tomar medidas de recuperación que non poden ser substituídas polo AVE do Plan Galicia.

### **Mesa seguridade marítima**

Precisamos de máis medios de salvamento marítimo e de control do tránsito marítimo (cobertura radar, melloras en comunicacións marítimas). Reclamación das competencias para Galiza en salvamento marítimo.

Na actualidade o noso litoral carece dos medios de protección e continxencia necesarios para facer fronte a unha catástrofe como a do Prestige; e os barcos de salvamento marítimo en construción na actualidade son claramente insuficientes.

A Xunta de Galiza, o Estado Español e a Unión Europea seguen sen estar preparados para afrontar unha catástrofe destas características.

Necesidade de armonizar as titulacións náutico-pesqueiras en terra e mar.

### **Mesa saúde e Prestige**

A catástrofe do Prestige, ademais dun problema ecolóxico de extraordinarias consecuencias, plantexou un problema de saúde pública.

Os mariñeiros que saíron a recoller o fuel, os veciños de zonas da costa altamente afectada, os voluntarios, militares e traballadores contratados que participaron nas labores de limpeza, os usuarios das praias contaminadas, son colectivos que foron expostos en maior ou menor medida ás diferentes sustancias tóxicas presentes no fuel (HAPs, COVs e metais pesados).

Esta situación ven dada porque cando os mariñeiros saen cos seus propios medios a loitar contra a maré negra non se lles facilitou material de protección ningún, porque cando os profesionais da saúde solicitan información á Xunta non se lles facilita, e a información facilitada é parcial, porque non se facilitaron as mascarillas con filtro tipo A necesarias, e non se comeza inmediatamente co estudo epidemiolóxico; non se toman mostras nen se realizan medicións atmosféricas.

Por todo isto entendemos que ante unha catástrofe destas características tiñase que ter actuado nestes sentidos:

Inmediatamente tras da primeira chegada de fuel as costas:

-realización de **medicións atmosféricas**

-**evacuar a poboación** exposta a altos niveis de COVs, e aerosois de fuel (posiblemente os veciños do paseo marítimo de Muxía estaban dentro deste caso.)

Equipar a todos os que traballaron na recollida de fuel con equipas de protección axeitadas incluíndo **máscaras con filtro tipo A** (e mais de tipo E en lugares pechados furnas, entre rochas, etc.). No futuro debería crearse unha rede de almacens de material de protección repartidos por toda a costa.

**Reforzar** de maneira efectiva todos os **dispositivos asistenciais** da costa afectada.

**Informar** con transparencia da **composición** do fuel, dos posibles **efeitos tóxicos**, das **medidas de protección** a tomar, e dos **protocolos de actuación sanitaria** antes problemas de saúde derivados do fuel.

Comenzar inmediatamente un **estudio epidemiolóxico**, con recollida de **mostras** de urina e sangue para análises de biomarcadores. E utilización de **dosímetros** para a avaliación da exposición a COVs. Os datos correspondentes aos primeiros meses serían decisivos para facer unha avaliación correcta.

Continuar cun **seguimento epidemiolóxico a medio e longo prazo**.

**Reforzar** os dispositivos de **saúde mental** da zona. Realización dun **estudio epidemiolóxico de saúde mental**.

**Balsas de fuel:** Creación dunha **equipa de profesionais** para avaliar as **mellores técnicas** de tratamento dos residuos de fuel **evitando a incineración** pola forte contaminación que eso produciría: (dioxinas, benceno, HAPs, SOx). É fundamental separar o fuel da auga de mar antes do tratamento.

Realización de **análises completas dos alimentos de orixe mariño** espresando os resultados en Benzo[a]pireno equivalentes, e analizando os metais pesados.

Abrir a veda por especies e non por zonas, debido a que as diferentes especies acumulan os tóxicos de xeito distinto e poden móverse dunha zona a outra

### **Mesa socioeconómica**

Necesidade de exixir un plan inversor contemplado no Plan Galicia, redefinindo e reforzando determinados programas de actuación do devandito Plan.

Seguir mantendo ergueita a bandeira de Nunca Máis, e tamén desde esta bandeira redefinir o modelo enerxético mundial.

Exixir do actual goberno a inmediata modificación do decreto lei das indemnizacións

Demandamos do Estado Español e da Unión Europea un compromiso real e efectivo de apoio a construción naval, nomeadamente ao astaleiro de Izar Fene, entendendo que o peche de Izar Fene constituiría unha nova agresión para o pobo galego.

### **Mesa de movementos sociais: a resposta social, Nunca Máis, un berro de dignidade!**

Nunca Máis representa unha nova cultura, un espazo de encontro, un movemento social plural e amplo que aglutina aos sectores máis conscientes e con máis perspectiva de futuro

de Galiza, e posuimos a lexitimidade necesaria para reclamar de calquer goberno a solución definitiva á catástrofe do Prestige.

Reflexionouse tamén sobre o significado e o papel dos movementos sociais. Neste caso tamén se falou da necesidade da pervivencia de Nunca Máis e de abrir un debate de futuro.

Desde Burla Negra, demandaron a necesidade de xerar novos discursos culturais porque a cultura é un sector estratéxico para vertebrar a nosa sociedade.

Area Negra pretende desenvolver un traballo coa comunidade educativa na que primen os valores, abordando problemas sociais cara ese outro mundo posíbel.

O movemento ecoloxista destacou que sexa a primeira vez que un problema ambiental se amplifique a toda a toda a sociedade, e rompendo así as fronteiras locais, sociais e culturais.